

O MEU GLOBO DE NADAL



CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL NO GAIÁS

Animade os pequenos e as pequenas artistas da casa a sacar o seu lado máis creativo e decorar como máis lles preste o noso bosquexo debuxando o seu globo de Nadal. Rotulador, colaxe, témpera, ceras, tea, acuarela, lá... Non hai regras, nin máis fronteira cá da imaxinación!

Pasade unha tarde en familia a argallar a vosa postal de Nadal para felicitar estas festas!

BASES:

- Para cativada **ata 12 anos**
- Prazo de recepción de postais: ata o **luns 22 de decembro de 2025**

PREMIOS:

As postais máis orixinais poderán gañar un convite familiar ao **espectáculo teatral Tripula**, que terá lugar o 28 de decembro de 2025 no Museo Centro Gaiás, onde ademais recollerán un agasallo consistente nun lote de libros.

Categorías:

- Ata 4 anos
- De 5 a 7 anos
- De 8 a 12 anos

COMO PARTICIPAR:

- Deseña a túa postal empregando **a nosa proposta de deseño, ou outra idea que se che ocorra**. Espreme ben os miolos, que o único límite é o teu maxín!
- Envíanos a túa postal. **IMPORTANTE:** non esquezas **incluír o teu teléfono e enderezo de correo electrónico** para que poidamos contactar contigo en caso de que a túa postal sexa premiada!

FORMAS DE ENVÍO:

- Por **correo postal** ao enderezo: Fundación Cidade da Cultura de Galicia (Concurso de postais de Nadal), Edificio CINC (3º andar), Monte Gaiás s/n, 15707 – Santiago de Compostela
- Depositándoa na caixa do correo do **mostrador do Museo Centro Gaiás**
- Enviándoa ao enderezo de correo electrónico **online.cdc@xunta.gal**

INFORMACIÓN PERSOAL:

Nome e apelidos

Idade

Correo electrónico

Teléfono de contacto

Responsable do tratamento: Fundación Cidade da Cultura de Galicia | **Finalidades do tratamento:** Informar sobre as actividades da Cidade da Cultura | **Lexitimación para o tratamento:** O cumprimento dunha tarefa en interese público e dos fins sociais e estatutarios para os que foi creada a Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Na páxina www.cidadedacultura.gal poderá verificar o contido da política de privacidade da Fundación aplicable ao caso. | **Persoas destinatarias dos datos:** Participantes do concurso de postais de Nadal no Gaiás | **Exercicio de dereitos:** Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Fundación Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC, terceiro piso, Monte Gaiás, s/n, 15707. Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a cidade.cultura@xunta.gal. | **Contacto delegado de protección de datos e máis información:** <http://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>